

A SAGRADA FAMILIA: XESÚS, MARÍA E XOSÉ (C)

PRIMEIRA LECTURA Sir 3, 3-7. 14-17a (gr. 2-6. 12-14)

Lectura do libro do Eclesiástico

O Señor honrou o pai máis cós fillos e afincou o dereito da nai sobre o dos nenos. Quen honra a seu pai redime as culpas. Quen enxalza a súa nai é coma quen atesoura. Quen honra a seu pai gozará dos fillos e cando vaia pregar será atendido. O que respecta o pai terá vida longa e quen obedece ó Señor daralle consolo a súa nai

Meu fillo, persevera no honrar a teu pai, non o desatendas nos días da túa vida. Aínda que perda o xuízo, tenlle miramento e non o aldraxes todo o tempo que viva. O ben que se lle faga a un pai non será borrado, hache valer como compensación do pecado; No día da proba teráseche en conta; coma coa calor a xeadá esluiranse as túas culpas

SALMO RESPONSORIAL Sal 127, 1-2. 3. 4-5.

R/. (cf. 1): **Ditosos os que temen o Señor e van polos seus camiños.**

Ditosos os que temen o Señor,
os que seguen os seus camiños.
Comerás do traballo das túas mans,
serás ditoso, serás afortunado.

A túa muller coma parra fecunda
no interior da túa casa;
os teus fillos coma gromos de oliveira
arredor da túa mesa.

Así será bendito
o home que teme o Señor.
Que o Señor te bendiga desde Sión,
que goces coa prosperidade de Xerusalén
tódolos días da túa vida.

SEGUNDA LECTURA Col 3, 12-21

Lectura da carta do apóstolo San Paulo ós Colosenses

Irmáns: Como elixidos de Deus, santos e benqueridos, revestídevos de sentimentos de misericordia, de bondade, de humildade, de sinxeleza, de tolerancia. Aturádevos uns ós outros e perdoádevos, cando un teña queixa doutro; coma o Señor vos perdoou, perdoádevos tamén vós. E, por riba de todo isto, cinguídevos co amor, que é o lazo que todo o une e leva á perfección. Que a paz de Cristo governe os vosos corazóns, xa que a ela vos chamaron coma membros dun mesmo corpo. E sede agradecidos.

Que a palabra de Cristo habite en vós con toda a súa riqueza. Ensinádevos e alentádevos uns a outros o mellor que saibades. Co corazón cheo de agradecemento cantádelle a Deus salmos, himnos e cántigas inspiradas. E todo canto fagades, de palabra ou de obra, facédeo para honra de Xesús, o Señor, dándolle gracias a Deus Pai por medio del.

Mulleres, sede dóciles ós vosos homes como cómpre a unha muller cristiá. Homes, amade as vosas mulleres e non sexades ríspidos con elas. Fillos, sede ben guiados en todo cos vosos pais, que isto é cousa agradable ó Señor. Pais, non asoballéde-los vosos fillos, para que non saian coitados.

EVANXEO Lc. 2.41- 52

Lectura do santo Evanxeo segundo Lucas

Polas festas da Pascua, os pais de Xesús ían tódolos anos a Xerusalén. E así, cando el tivo doce anos, subiron á festa conforme a tradición. Pasados aqueles días, cando eles volvían, o neno Xesús quedou en Xerusalén, sen que os seus pais se decatasen.

Coidando que iría na comitiva, fixeron unha xornada de camiño; entón buscárono entre os parentes e coñecidos; pero como non deron con el, volveron buscándoo a Xerusalén.

Ó cabo de tres días, atopárono no templo, sentado no medio dos doutores, escoitándoos e facéndolles preguntas. A súa intelixencia e as súas contestacións deixaban asombrados a cantos o escoitaban. Cando o viron seus pais, ficaron moi impresionados; e a súa nai díxolle: - Fillo, ¿por que te portaches así connosco? Mira que teu pai e mais eu andabamos cheos de angustia en busca túa.

E dilles el: - ¿Por que me buscades? ¿Non sabíades que eu teño que estar na casa de meu Pai? Pero eles non entenderon o que lles dicía.

Baixou con eles a Nazaret, e estáballes sometido. A súa nai conservaba todas estas cousas no seu corazón. Xesús medraba en sabedoría, en idade e en gracia diante de Deus e mais dos homes.